


O Lagar



Encóntraste nun punto chamado de vello O Lagar que, como tal, desapareceu coa construción dunha fábrica de fertilizantes a comezos dos anos sesenta do pasado século. Con toda probabilidade o topónimo ten a orixe no artefacto con que se espreme a uva para facer o viño. A este contexto pertencen tamén os topónimos Viña Nova, Viña Vella e Eiras de Tras da Viña que nos remiten a un pasado vinícola recente de Elviña. Alén disto, O Lagar é un dos sitios máis míticos do campus, pois a lenda sitúa aquí unha trabe de ouro que vai ata o alto do castro e tamén aquí era onde aparecía a estadea, nome con que a compañía de ánimas é coñecida na parroquia.

